



LII TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAXOÁN

XII CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

REGULAMENTO

DATA: **DOMINGO 12 DE XULLO DE 2015**

HORA DE INICIO DA PROBA: **11:30 HORAS**

1.- ORGANIZACIÓN:

A organización da *LII Travesía a nado ao porto de Vilaxoán*, correrá a cargo da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía en colaboración coa Asociación Marítima e Cultural Vilaxoán e os Clubs Natación e Salvamento Vilagarcía, estando incluída dentro do XII Circuito Galego de Augas Abertas 2015, e rexéndose polas normas da Federación Galega de Natación (FEGAN) e polo presente regulamento.

2.- CATEGORÍAS:

Percorrido curto: 1000 m

Nadadores federados e non federados.

- **Categoría A: Nados nos anos 2004 e posteriores.**
- **Categoría B: Nados nos anos 2003 a 2001** (ambos incluídos).

Percorrido longo: 2600 m

Nadadores federados e non federados.

- **Categoría C: Nados nos anos 2000 a 1991** (ambos incluídos).
- **Categoría D: Nados nos anos 1990 a 1979** (ambos incluídos).
- **Categoría E: Nados nos anos 1978 e anteriores.**



As categorías A e B realizarán o percorrido curto (1000 metros).

As categorías C, D, E, realizarán o percorrido longo (2600 metros).

Enténdese por federado, o deportista com licencia federativa en vigor na tempada 2014/2015 em calquera Federación Territorial dependente da Federación Española de Natación (FEN).

3.- INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse vía telemática desde a ligazón que está na lista de travesías da web do Circuito Galego de Augas Abertas (<http://fegan.fegan.org/travesias/>) e coa data límite das 13 horas do **Venres 10 de xullo de 2015**.

Os nadadores non federados menores de 18 anos, para a súa participación acompañarán unha autorización do pai/nai ou titor/a.

A inscrición a Travesía a nado ao porto de Vilaxoán supón a aceptación do presente regulamento.

4.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA:

A saída dos nadadores dos percorridos curto e percorrido longo, será dende a Praia "O Preguntoiro", punto de inicio dos percorridos con chegada na rampa do Intecmar, no peirao de Vilaxoán.

A meta estará debidamente sinalada para a mellor orientación dos nadadores.

A zona de concentración para os adestradores e delegados dos clubs participantes será o espazo reservado a tal fin no peirao, que estará debidamente sinalado **ás dez e media (10:30 h)** para a presentación da documentación oficial e aclaracións ou dúbidas.

Será imprescindible a presentación da licenza ou outro documento oficial no que figure a data de nacemento do nadador.

A proba estará controlada polo Comité Galego de árbitros dependente da FEGAN, que resolverá todas as cuestións que se



presente no desenvolvemento da travesía a nado do porto de Vilaxoán.

Todos os nadadores participantes antes a saída serán controlados mediante número persoal.

A organización poderá pechar a chegada a meta, transcorridos vinte minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso, os nadadores que estean no mar serán recollidos polas embarcacións da organización, Protección Civil ou Garda Civil para trasladalos a meta.

Todos os traxes de natación para Augas Abertas axustaranse aos criterios FINA para Materiais e Procedementos de Aprobación. Non se poderán empregar neoprenos, aletas, flotadores nin camisetas.

5.- PREMIOS

A organización entregará trofeos aos gañadores absolutos, aos tres primeiros clasificados masculino e feminino en cada categoría, aos primeiros nadadores locais, ao máis veterán e o máis xove.